

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen dubidar.

## A QUINTA ESTACIÓN DO ANO: BONN CELEBRA O CARNAVAL

En Renania (unha rexión de Alemaña) non só existen as catro estacións do ano de costume, senón cinco. E para moitas persoas, a quinta estación do ano, o Carnaval, é a máis bonita de todas. O día 11 do mes 11 empeza cada ano a temporada de Carnaval con bailes, reunións e moitas outras festas, e toda Renania o celebra.

Pero, de onde vén o Carnaval? Os antigos xermanos espantaban os malos espíritos cara ao final do inverno con máscaras, disfraces e moito ruído. Na época cristiá, a xente aproveitaba a última oportunidade antes de Coresma (tempo de xaxún) para entregarse aos festexos e ao gozo da comida.

O once é, desde a Idade Media, o número do Carnaval. Un número máis que os dez mandamentos. Consellos de once membros organizan o Carnaval. Os actos comezan once minutos despois da hora en punto. O once é tamén unha canción satírica sobre os ocupadores franceses en Renania no século XVIII. Da mesma orixe proceden os uniformes históricos, de cores azul, branca e vermella, unha imitación burlesca dos ocupadores.

Hai festexos e cabalgatas en todos os barrios da cidade. O desfile máis grande e bonito é, desde logo, o desfile de luns de Carnaval de Bonn, que congrega na rúa a bufóns de toda procedencia e de todas as idades. Un día antes, o domingo de Carnaval, represéntase un teatro carnavalesco moi peculiar: as máscaras intentan cada ano tomar por asalto o antigo Concello, na praza do mercado. O alcalde organiza a defensa, pero sen éxito. Ao final, ten que facer entrega simbólica das chaves do Concello ás máscaras, quedando así nas súas mans o poder sobre a cidade ata o Mércores de Cinsa.

<http://www.bonn.de> (adaptación)



- 1 En que país está a rexión de Renania? .....
- 2 Cal é, en Renania, a quinta estación do ano? .....
  - Cando empeza?
    - Despois da Coresma.
    - O 11 de novembro.
    - O Mércores de Cinza.
- 3 Cal é o número do Carnaval? .....
- 4 Por que se disfrazan con uniformes militares?
  - a) Porque no Carnaval celebran o Día das Forzas Armadas.
  - b) Porque é unha burla do exército francés cando invadiu Renania.
  - c) Porque recordan a época dos xermanos.
- 5 En que consiste o teatro do domingo de Carnaval? Indica V (verdadeiro) ou F (falso):
  - Nun espectáculo de saltimbanquis.
  - En representar a elección dun novo alcalde para a cidade.
  - En representar a toma da cidade por parte das máscaras de Carnaval.
- 6 Localiza no texto as palabras que corresponden a estas definicións:
  - a) ..... : Período de 40 días previos á Semana Santa. (2.º parágrafo)
  - b) ..... : Acción de xaxuar ou non comer durante un tempo. (2.º parágrafo)
  - c) ..... : Que critica ou ridiculiza algo ou alguén. (3.º parágrafo)
  - d) ..... : Persoa que fai rir cos seus xestos, ditos, etc. (4.º parágrafo)

**Investiga un pouco máis:**

- a) Onde está Bonn? .....
- .....
- b) Que famoso compositor naceu en Bonn? .....
- c) Que río pasa pola cidade? .....

